

DÍA DAS ARTES GALEGAS

1 DE ABRIL DE 2025



DÍAZ PARDO

**CEIP Plurilingüe Bragade
Oza-Cesuras [A Coruña]
CEIP Ramón de la Sagra
A Coruña
CEIP Juan Fernández Latorre
A Coruña
CEIP Cidade Vella
A Coruña
CEIP Juana de Vega
Nós-Oleiros [A Coruña]
CEIP Rosalía de Castro
A Coruña
CPR San Pío X
Ourense**

**CEIP Fogar
Carballo [A Coruña]
CEIP Ramón Otero Pedrayo
A Laracha [A Coruña]
CEIP Emilia Pardo Bazán
A Coruña
CEIP Plurilingüe Sofía Casanova
Culleredo [A Coruña]
CEIP Vicente Otero Valcárcel
Carral [A Coruña]
CEIP Plurilingüe Manuel Murguía
A Coruña**



**XUNTA
DE GALICIA**



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

O DÍA DAS ARTES GALEGAS

O Día das Artes Galegas é unha celebración instituída pola Real Academia Galega de Belas Artes no ano 2015 para promover a creación artística no noso país e cada ano elixe a unha persoa importante no conxunto de artistas sempre que pasaran dez anos do seu pasamento.

A data escollida para a celebración foi o 1 de abril, que coincide coa que aparece esculpida nos linteis do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.

Durante estes anos as persoas homenaxeadas foron as seguintes:

2015: Mestre Mateo

2016: Alfonso D. Rodríguez Castelao

2017: Maruxa Mallo

2018: Alejandro de la Sota

2019: Luís Seoane

2020 e 2021: Domingo de Andrade

2022: Laxeiro

2023: Martín Códax

2024: Francisco Asorey

Este ano 2025 o artista homenaxeado é Isaac Díaz Pardo, pintor, ceramista, deseñador, editor e fundador das fábricas de Cerámicas do Castro e Sargadelos.



A Real Academia Galega de Belas Artes é a creadora do Día das Artes Galegas e a que escolle á persoa homenaxeada.



Cerámica de Sargadelos

Imaxe do Mestre Mateo, o Santo dos Croques, primeiro homenaxeado no Día das Artes Galegas.

QUE SABES DO DÍA DAS ARTES GALEGAS? _____


1. Quen instituíu o Día das Artes Galegas? Completa.

□ □ □ **L** □ □ □ □ □ □ □ **I** □

□ **A** □ □ □ □ □ □ **E** □ □ □ **L** □ □ □



2. Dende que ano se celebra o Día das Artes? Arrodea.



3. Segue o código e completa o nome destes homenaxeados.

Legend:

- ▷ **A**
- ▲ ▷ **E**
- ◆ ▷ **I**
- ▷ **O**
- ▷ **U**


Words to be completed:

- M** □ **R** □ **X** □
- M** □ **L** **L** □
- S** □ □ □ **N** □
- L** □ **X** □ □ **R** □
- C** □ **S** **T** □ **L** □ □
- **S** □ **R** □ **Y**


AS PALABRAS CRUZADAS

Serás quen de colocar o nome do artista homenaxeado no Día das Artes Galegas no lugar que lle corresponde?

SOTA	CÓDAX	MATEO	PARDO	ASOREY
MARUXA	SEOANE	ANDRADE	LAXEIRO	CASTELAO



0 ENCRUCILLADO DAS ARTES



HORIZONTALAIS


1. Dedicáronlle dous anos o Día das Artes. ... de Andrade.
2. O Día das Artes Galegas celébrase o 1 de ...
3. Nome da única artista homenaxeada.
4. Cantos anos teñen que pasar do pasamento do artista para ser homenaxeado?
5. Primeiro apelido do homenaxeado en 2025.
6. Cal é o nome de Díaz Pardo?
7. Fábrica de cerámica fundada por Isaac Díaz Pardo.
8. Trobador homenaxeado no ano 2023.
9. Foi o primeiro homenaxeado, era o Mestre....

SOLUCIÓNS: 1. DOMINGO 2. ABRIL 3. MARUXA 4. DEZ
5. PARDO 6. ISAAC 7. SARGADELOS 8. CÔDAX 9. MATEO

DE QUEN É CADA OBRA?

Repara no código do recadro, completa e saberás quen é o autor de cada obra.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
D	M	F	A	E	Í	S	D	O	P	Y	R	T	Z



PÓRTICO DA GLORIA

2	5	7	13	12	5	2	4	13	5	9			

A NAVE ESPACIAL

8	6	4	14	10	4	12	8	9	



STORIA CONTADA POLO
GO ZAGO NA QUE
FIRENSE OS TRABA
S PASADOS POR MANUE
CANLE E SEU HOME
A CHEGAR A VOAR

MUSICA DE
RAMIRO CARTELL
DIBUXADA POR
DÍAZ-PARDO



MONUMENTO A CURROS ENRÍQUEZ

	.						
3		4	7	9	12	5	11

O CARTEL DO DÍA DAS ARTES

Agora toca facer un cartel anunciando o Día das Artes Galegas 2025. Pon o nome do teu colexio e colorea.

Lembra que este ano está dedicado a Isaac Díaz Pardo!

DÍA DAS ARTES
GALEGAS

1 DE ABRIL DE 2025

COLEXIO _____

ISAAC DÍAZ PARDO


Isaac Díaz Pardo naceu en Santiago de Compostela un 22 de agosto de 1920. Era fillo de Antonia Pardo e do pintor e escenógrafo Camilo Díaz.

Aos dezanove anos marchou a Madrid a estudar na Escola de Belas Artes de San Fernando facendo os catro cursos da carreira en só dous anos.


Aos vinte e dous anos pasou a ter unha praza de profesor na Escola Superior de Belas Artes de San Jordi, en Barcelona, e comezou a facer exposicións de pintura por España, Europa e América.

En 1948 deixou a pintura e voltou a Galicia para fundar, xunto con outros socios, a fábrica de Cerámicas do Castro, na localidade coruñesa de Sada. Posteriormente funda outra fábrica na Arxentina, país no que pasa trece anos e, xunto con Luís Seoane, crea a Fábrica de Formas á que seguiran outras iniciativas como Cerámica de Sargadelos, en Cervo (Lugo), o Museo Carlos Maside, O Instituto Galego da Información, a editorial Edicións do Castro, o Seminario de Estudos Galegos... Casou con Carme Arias de Castro, coa que tivo tres fillos: Camilo, Xosé e Rosendo.

Este ano a Real Academia Galega de Belas Artes escolleuno como protagonista do Día das Artes Galegas.



Isaac Díaz Pardo



O pintor coa súa familia, 1949.
Óleo sobre lenzo.
ABANCA Col. de arte.

QUE SABES DE DÍAZ PARDO?

1. Cal é o nome do homenaxeado no Día das Artes 2025?

2.- Como se chamaban seus pais?

3. Onde naceu?

4. En que escola madrileña estudou?

5. E en que escola catalana foi profesor aos vinte e dous anos?

6. Como se chama a fábrica de cerámica que fundou en Sada?

7. Arrodea tres entidades que fundara Díaz Pardo.

Museo Carlos Maside

Museo Arqueolóxico


Cerámica de Sargadelos

Edicións do Castro

Club Celta de Vigo

8. Cal era o nome da súa muller? E o dos seus fillos?

0 ENCRUCILLADO DE DÍAZ PARDO






HORIZONTALS

1. Mes no que naceu Díaz Pardo.
2. Nome da persoa homenaxeada no Día das Artes Galegas.
3. Nome da muller de Isaac Díaz Pardo.
4. Isaac fundou en Cervo a empresa Cerámicas de...
5. En que cidade naceu?
6. En que concello coruñés esta Cerámicas do Castro?
7. En que localidade catalana foi profesor?
8. Como se chamaba seu pai?
9. Cal era o primeiro apelido de Antonia, a nai de Isaac?
10. O nome da editorial que fundou era Edicións do...

HORIZONTALS. 1. AGOSTO 2. ISAAC 3. PARDO 4. SARGADELOS 5. SANTIAGO 6. SADA 7. BARCELONA 8. CAMILO 9. PARDO 10. CASTRO





O QUEBRACABEZAS DE ISAAC

Recorta, monta e pinta esta caricatura de Díaz Pardo realizada polo seu amigo Luís Seoane.




CAL É O TÍTULO?

Díaz Pardo foi un gran ilustrador. Saberías unir cada publicación coa súa ilustración e completar o título?



O CARTEL DAS ARTES GALEGAS


Pintamos este cartel do Día das Artes Galegas? Ah, as letras de vermello e o trisquel de azul cobalto!



O CIGARRÓN DE SARGADELOS


Cerámicas de Sargadelos fabricou moitas máscaras, unha delas é a dun cigarrón. Píntao seguindo as indicacións.

1 ► AZUL COBALTO 2 ► VERMELLO 3 ► CASTAÑO



A CARICATURA DE ISAAC

Agora toca facer unha caricatura de Isaac. Escolle unha das fotos e... tira para adiante!



O CASTRO E SARGADELOS

En 1949 Isaac Díaz Pardo deixa Madrid e volta a Galicia, deixando a pintura e pasándose á cerámica, montando un taller cerámico nas cocheiras do pazo da súa muller, Carme Arias, na parroquia de Samoedo, en Sada (A Coruña), dando lugar á Fábrica de Cerámicas do Castro.


Vinte e un anos despois, en 1970, e despois de pasar pola Arxentina e crear o Laboratorio de Formas, recupera a Real Fábrica de Sargadelos, en Cervo (Lugo) convertíndoa en Cerámica de Sargadelos, dedicada á elaboración de pezas cerámicas, da autoría, entre outros de Luís Seoane, Carlos Silvar, Carme Arias, Vizoso e o propio Isaac e empregando o caolín dos depósitos da bisbarra.

A cor identificativa de Cerámica de Sargadelos será o azul cobalto e o seu logo distintivo será a estrela de sete aspas radiais.

As pezas cerámicas do Castro e Sargadelos son moi variadas: vaixelas, esculturas, xoias, amuletos, lámpadas... cunha iconografía galega de mitos e feitos históricos.



Isaac Díaz Pardo cos primeiros deseños de Cerámicas do Castro.




Logos de Cerámica Sargadelos e Cerámicas do Castro.



A fábrica de Cerámica Sargadelos, en Cervo (Lugo), foi proxectada por Fernández-Albalat.

QUE SABES DE CERÁMICAS DO CASTRO E SARGADELOS?

1. En que parte do edificio do pazo da súa dona Carmen Arias montou Isaac o seu primeiro taller cerámico? Arrodea.



2. Completa os datos da localización de Cerámicas do Castro.

Cerámicas do Castro	
Parroquia: _____	
Localidade: _____	
Provincia: _____	

3. En que ano se fundou Cerámica Sargadelos? Cal era o seu logo? Arrodea.




4. E que material usaban en Sargadelos para elaborar as pezas cerámicas? Arrodea a resposta verdadeira e completa a frase.

granito	area	caolín	volframio
ferro	mármore	cuarzo	lignito

bisbarra	cerámicas	Sargadelos
-----------------	------------------	-------------------

En Cerámicas de _____ empregaban o _____ das minas da _____ para a elaboración de pezas _____.


5. Completa a decoración desta peza de Sargadelos, o prato modelo coroa. Debuxa os elementos que faltan e píntaos de azul cobalto.



6. Pinta o camiño que terán que percorrer Isaac e Carme, a súa dona, para chegar dende Cerámicas do Castro, en Sada a Cervo, para visitar Cerámicas de Sargadelos?




**CERÁMICAS
DO CASTRO**



**CERÁMICA
SARGADELOS**

7. Co que xa sabes das Cerámicas do Castro e Sargadelos non terás problema en completar este encrucillado, non si?



HORIZONTALAIS

1. Primeiro apelido de Carme, a dona de Isaac.
2. Cor identificativa de Cerámica Sargadelos.
3. País no que estivo Isaac antes de voltar a Galiza.
4. Nome da fábrica de cerámica creada en Cervo por Isaac.
5. Mineral utilizado para a elaboración da cerámica.
6. Primeiro apelido de Isaac.
7. Localidade luguesa na que está Cerámica de Sargadelos.
8. En que provincia galega está Cervo?
9. Parroquia de Sada na que está o pazo de Carmen Arias.
10. En que localidade coruñesa está Cerámicas do Castro?

SOLUCIÓNS: 1. ARIAS 2. AZUL 3. ARXENTINA 4. SARGADELOS 5. CAOLÍN 6. DÍAZ 7. CERVO 8. LUGO 9. SAMOEDO 10. SADA

DÍA DAS ARTES GALEGAS

1 DE ABRIL DE 2025



DÍAZ PARDO



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega